

# Proxecto EPÍSTOLA



**Colección: Fondo: Valentín Paz-Andrade no seu arquivo persoal**  
**Ficha documental da epistola de Virxinia Pereira Renda, a Valentín Paz-Andrade do**  
**25/08/1966**

**Colección:**

**Data:** 25/08/1966

**De:**

Virxinia Pereira Renda;

**Para:**

Valentín Paz-Andrade;

**Orixe:**

A Estrada (municipal), Tabeirós-Terra de Montes (comarcal), Pontevedra (provincial)

**Destino:**

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

**Ficha descriptiva:**

[Carta manuscrita]

**Localización física:**Arquivo Valentín Paz-Andrade

**Temáticas:**

Epistolario entre Paz Andrade e Virxinia Pereira;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## **Transcripción da epistola de Virxinia Pereira Renda, a Valentín Paz-Andrade do 25/08/1966**

A Estrada, 25-08-1966

Querido amigo Valentín: un pedido de nai que confía en min como eu confío en ti, é o que me move a escribirche estas liñas, quedando ela e mais eu, moi espranzadas de que as xestións que ti fagas no noso favor van dar os froitos desexados. Trátase de sacar “adiante” ao rapaz, José Costa Villamarín, sobriño do crego Luís Villamarín Saavedra, a quen eu quero como a un fillo, e que ti terás coñecido durante o derradeiro viaxe que acabas de facer a meu lembrado Bos Aires. Este rapaz que por ser bastante delicado non conquisou aprobar a materia de Física do curso selectivo, precisa de ti pra que no próximo mes de setembro salga airoso no seu examen. A profesora a quen ten que rendir contas, chámase Doña Inmaculada Paz-Andrade, pensando eu que debe de ser algunha das túas irmáns. Prégoo pois, encarecidamente, que apoies con forza este pedido noso, quedando de antemán, moi esperanzadas e sumamente agradecidas a ti e a túa irmán ¡ É suprica de nai...! ¿Sabes Valentín? Dios que ha de premiarte tan grande favor, pol-a miña parte moitas moitísimas gracias.

Aínda que non teño noticias da nosa xente de Bos Aires, non dudo do teu éxito nas “tradicioneis” xornadas galegas. Sentín moito non compartilas como de costume per o comezo pensamento según todo paso a paso. Teño pensado ir un día a Vigo, e si pega de vernos xa me contarás. Despois de ter pasado en Lugo tres días maravillosos na grata compañía da boa familia Villamarín, pasei outros tres con Álvaro e familia na súa casa de Viveiro, atopándome encantada con eles, e en aquel lugar, que é unha regalía dos ollos. Álvaro con unha bronquitis de ordago, non tivo reparos en levarme río abaixo na súa ben “acomodada” barca. Onte saímos dirección Cruña onde xantamos, e de ahí a Santiago seguindo en camiño á Estrada. En Lugo visitei o Museo con Álvaro e podo dicirche que quedei encantada. En fin, unha excursión cativa pero con gran emoción, recibindo probas de sincero agrado por parte de vellos e novos amigos.

Como non teño costume de escribir sin máquina non sei si entenderás este borrador. Suspendo pois, con apertas grandes pra Pilar, Alfonso e ti da tua sempre amiga.

Virxinia

Eu estarei por eiquí (Estrada) hasta sobor do 12 de setembro. Despois de esta data, Ibiza 39, 1º Izda. Madrid (9)

Eiquí: Ciudad Jardín 21. La Estrada. Pontevedra

Chao

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.